

Diéguez, premiado

O escritor lugués Lois Diéguez obtivo o premio Eduardo Blanco Amor de novela, que anualmente organizan os concellos galegos, na presente edición. A obra premiada titúlase «A canción do vagamundo». Lois Diéguez é, ademais, funcionario municipal de Lugo.



a cultura

da cidade

O lobo larpeiro

A música folk en Lugo ■ O qu
capital debera ser ■ A fundac
A historia da casa do conc

A canción do vagamundo

■ Lois Diéguez ven de acadalo **Premio Blanco Amor** de novela. Premio que confirma —si é que confirmación fixera falla— a firme traxectoria de escritor dun prestixioso novelista e poeta.

Praza maior, xunto coa súa noraboa ó premiado, fíxolle chega-la petición de opinión sobor do premio e da obra que o acadou.

«O premio de novela **Eduardo Blanco Amor** é hoxe por hoxe o mais importante de Galicia dado o prestixio que acadou», dixo Lois Diéguez. «Para min, ademais, siñifica o rachamento cun silencio editorial que veño sufrindo desde hai tempo, e a posibilidade, xa que logo, da publicación desta novela, «**A canción do vagamundo**». Un novelista escribe para que o lean e para que xuzguen o seu traballo, polo que o maior castigo que se lle pode ofrecer é o silencio da súa obra. Nisto entran cortapisas de todo tipo, fundamentalmente ideolóxicas.

«**A canción do vagamundo**», é —según o seu autor— unha obra moi com-

plexa; un mundo que está arreo ó noso redor, coa dificultade da comunicación nun tempo sobexamente mecánico, «moderno» nun senso pexorativo, onde todo está por normalizar. Trátase dunha familia que se ve de súpeto nos xornais por un suceso escuro e do poder dos medios de comunicación que, ó non ser obxetivos ou pouco precisos na información, fan moito dano. Non é en si unha crítica a persoas, digamos xornalistas, senón ó mundo empresarial e político que domina eses medios, por outra parte pouco instalados na nosa Terra».

Lois Diéguez naceu en Monforte de Lemos o 17-4-1944. Estudia bacharelato na súa cidade natal e a carreira de Aparellador en Madrid, que despois deixa para completar a de Enxeñeiro Técnico Topógrafo.

En 1972 entra como contratado no Concello de Lugo para exercer-la súa profesión, e dous anos máis tarde aproba a oposición como funcionario, cárrego que ven ocupando ata a actualidade. Destácase, como membro do sindicato



SGTAP (INTG) nas reivindicacións funcionarias, sendo hoxe o Presidente do Comité de Persoal do Concello por acadala maioría de votos nas últimas eleccións sindicais.

En 1966 sae a súa primeira obra poética, «**Albre de esperanza**» nunha imprenta de Lugo. A partir desta data publica os libros de poesía: «**Cancións para un agromar branco e azul**» (1968) e «**O ferro dos días**» (1983).

En narrativa ten publicado ata hoxe: «**A torre de Babel**» (1968); «**O tempo sen saída**» (1972); «**Galou, Z-28**» (1976), novela que acadou o premio Casa Galicia de Bilbao en 1975. Actualmente ten dous libros inéditos sen contar co premio Blanco Amor acadado agora: «**O**

exilio de Sara Cereixo» (novela) e «**Vagalume sen noite**» (poesía).

Acadou varios premios nos Xogos Florais de Monforte de Lemos e nos do Colexio Minerva de Santiago de Compostela.

No eido político, milita no BNG e máis na UPG. Foi De-

putado no primeiro Parlamento de Galicia na primeira lexislatura pola mesma organización, e candidato tamén ó Parlamento do Estado. Desde 1968 militou sempre no nacionalismo galego. A súa obra literaria está escrita exclusivamente en idioma galego.

Auditorio

